

INVISIBLES



Tít. orixinal: Invisibles

Ano: 2007

Duración: 100 min.

País: España

Dirección: Isabel Coixet, Fernando León de Aranoa, Mariano Barroso, Javier Corcuera, Win Wenders

Guión: Isabel Coixet, Fernando León de Aranoa, Mariano Barroso, Javier Corcuera, Win Wenders

Música: Varios

Fotografía: Emili Guirao, Jordi Abusada, David Omedes, Alberto Venzago

Reparto: documental

Produción: Javier Bardem (Productora: Pinguin Films / Reposado PC)

Xénero: documental

Sinopse: Esta é unha historia de historias. Un achegamento a aquelas persoas que residen no noso esquecemento. Un desexo de dar voz a varios dos que se quedaron mudos pola indiferenza. E unha humilde homenaxe a esas outras persoas que nunca apartaron a súa mirada deles. Pero, sobre todo, é a vontade de cinco directores por facer visibles aos seus verdadeiros e únicos protagonistas, a aqueles que cremos e preferimos seguir crendo invisibles.

As cinco historias son:

- "Cartas a Nora" (Coixet) sobre as chagas, unha enfermidade infecciosa que afecta a millóns de pobres en Latinoamérica.
- "Boas noites, Ouma" (León de Aranoa), sobre a dramática situación de miles de nenos en Uganda.
- "Crimes invisibles" (Wenders), sobre a violencia sexual contra as mulleres do Congo.
- "O soño de Bianca" (Barroso), sobre os problemas que hai na República Centroafricana para obter unha medicina.
- "A voz das pedras" (Corcuera), sobre a situación dos desprazados en Colombia pola guerra entre o exército e a guerrilla.

INVISIBLES

(tomado de <http://www.msf.es/invisibles/>)

Invisibles é unha película documental formada por cinco historias sobre cinco crises esquecidas dirixidas por Win Wenders, Isabel Coixet, Fernando León de Aranoa, Mariano Barroso e Javier Corcuera. Invisibles son aqueles aos que non queremos ver, pero que acaban aparecendo detrás dos nosos medos e aprehensións, entre outras cousas porque nunca deixaron de existir. Son as vítimas de cinco crises esquecidas: dúas enfermidades mudas e tres conflitos armados que non reciben a atención mediática que lles corresponde. Falamos da enfermidade do Chagas, a enfermidade do sono, os nenos-soldado de Uganda, a violencia sexual contra civís no Congo e os campesiños desprazados de Colombia.

Coincidindo co vixésimo aniversario do inicio das súas actividades en España, Médicos sen Fronteiras quere render xustiza a esas persoas que foron esquecidas por gobernos, institucións e cidadáns. Quere darlles voz a través da mirada de cinco cineastas europeos.

Todas estas historias pertencen a algunhas das crises esquecidas nas que actúa de maneira permanente Médicos sen Fronteiras. O actor Javier Bardem a través da súa produtora Pinguin Films, en colaboración con Reposado PC, levou a cabo a produción desta película documental co apoio da organización despois de coñecer no 2004 a labor de Médicos sen Fronteiras sobre o terreo. Conta Bardem que cando foi a Etiopía, un dos médicos díxolle "Nós somos os que tratamos aos invisibles". A expresión quedoulle gravada e púxose mans á obra. "Invisibles fala por si mesma, e a canta máis xente lle chegue, mellor", apunta Bardem, que asegura que se trata "dun proxecto que equilibra o artificio, a parafernalia e a frivolidade que rodea o meu traballo como actor".

O acoso sexual na República Democrática do Congo é o tema no que se centrou Win Wenders na súa curta "Crimes invisibles". Achéganos á realidade das miles de mulleres que sofren a violencia sexual nas zonas deste país onde continua o enfrontamento armado. Aínda despois de asinarse os acordos de paz entre as guerrillas e milicias en 2002, e de formarse un goberno de transición, os equipos de Médicos sen Fronteiras atenden diariamente a unha media de seis mulleres agredidas sexualmente polos combatentes.

"Cartas a Nora" é a curta que dirixiu a realizadora publicitaria e directora de cine Isabel Coixet, que recentemente recibiu o Premio Muller Europea 2006. Nela aborda o problema da enfermidade de Chagas en Bolivia, "aínda que está rodado en Barcelona, para dar unha visión do que sucede alí dende aquí", explicou Bardem. Isabel Coixet utiliza o eco xordo do silencio para explicarnos as terribes consecuencias desta enfermidade, que afecta a 18 millóns de persoas en América Latina. A protagonista é Nora, unha boliviana que emigrou a España coa intención de poder manter dende a distancia a súa familia lonxe da miseria e da "vinchuca", a chinche que transmite esta enfermidade mortal.

Con "Boas noites, Ouma", Fernando León de Aranoa lévanos ata o norte de Uganda. Un país que leva 20 anos en loita. Recolleu as testemuñas máis representativas de varios dos miles de nenos que percorren cada noite varios quilómetros para atopar lugares de refuxio e así protexerse dos secuestros levados a cabo maioritariamente polos soldados do Lord's Resistance Army, un movemento rebelde ultrafanático. Os pequenos protagonistas da historia son coñecidos como os *night commuters*. Todos comparten o mesmo desexo: fuxir dos militares que os secuestran para convertelos en nenos-soldados.

En "O sono de Bianca", Mariano Barroso proponnos un paralelismo. Alba, modelo de publicidade utiliza eflornitina na súa presentación cosmética, que encontra en calquera farmacia, para eliminar o pelo do seu rostro. Mentres, Bianca, unha muller residente en República Centroafricana que sofre a enfermidade do sono, ten grandes dificultades para conseguir a mesma eflornitina inxectábel, o tratamento que lle salvará a vida. A Alba e Bianca as separa a falla de intereses na investigación e distribución da eflornitina para as poboacións menos rentables do planeta.

O colombiano Javier Corcuera encargouse de "A voz das pedras". O director viaxou con algunhas das miles de familias colombianas que sofren a violencia exercida polos diferentes grupos armados do seu país sobre a poboación campesiña. Estas familias loitan a diario para superar o medo e se agrupan para tentar recuperar pacificamente cada anaco de terra que lles foi arrebatada pola forza. É a historia de 50 anos de desprazamento interno, de resistencia civil e humanitaria na que perderon a vida miles de compatriotas, familiares e amigos.

